

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027873	IES Afonso X O Sabio	Cambre	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Dixitalización	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

O I.E.S. Afonso X O Sabio está situado, dentro do Concello de Cambre (provincia de A Coruña), na parroquia de Santa María de Cambre. O concello está na área metropolitana da Coruña, a 15 minutos da cidade portuaria. Ademais, o Camiño Inglés da peregrinación a Santiago de Compostela, atravesa a cidade.

A poboación actual do Concello de Cambre é de 24.616 habitantes (datos do INE do 2021) agrupados en asentamentos básicos de convivencia (as parroquias), os cales ao mesmo tempo distribúense en máis de 120 núcleos de poboación denominados aldeas ou lugares. O Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC), como elemento definitorio dos contextos dos centros, correspondente a este centro é medio-baixo.

Este IES ten un número aproximado de 800 alumnos distribuídos en 6 grupos de 1º de ESO, 5 grupos de 2º de ESO, 5 grupos de 3º de ESO (un deles de PDC), 6 grupos de 4º de ESO, 3 grupos de 1º de Bacharelato, 4 grupos de 2º de Bacharelato, 1 CM de Xestión administrativa (dous cursos), 1 CS de Administración e Finanzas (dous cursos) e 1 Ciclo de FP Básica de Informática de oficina (dous cursos). Conta con tres centros adscritos: o CEIP O Graxal, o CEIP Portofaro e o CEIP Wenceslao Fernández Flórez.

O centro conta con dúas aulas de informática específicas para o emprego en ESO e Bacharelato, e tamén pertence ao proxecto E-dixgal dende o curso 2016-2017, polo que os alumnos contan cun ordenador para o traballo na aula, que tamén poden levar ós seus domicilios. Non se dispón de ningunha editorial Edixgal para a materia polo que todo o material teórico-práctico será achegado polo profesor.

A materia Dixitalización dá resposta á necesidade de adaptación á forma en que a sociedade actual obtén a información e en que se relaciona e produce coñecemento no alumnado que lle permita satisfacer as necesidades, individuais ou colectivas, que se foron establecendo de forma progresiva na vida das persoas e no funcionamento da sociedade e da cultura dixital. Pero a formación da cidadanía actual vai máis alá da alfabetización dixital, xa que require unha atención específica á adquisición dos coñecementos necesarios para usar os medios tecnolóxicos de maneira ética, responsable, segura e crítica.

A materia aborda determinados temas que teñen unha clara relación coas características propias da sociedade e da cultura dixital, tales como: o consumo responsable, o logro dunha vida saudable, o compromiso ante situacións de iniquidade e exclusión, a resolución pacífica dos conflitos en contornas virtuais, o aproveitamento crítico, ético e responsable da cultura dixital, a aceptación e o manexo da incerteza, a valoración da diversidade persoal e cultural, o compromiso cidadán no ámbito local e global e a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento. Promove, a través da participación de todo o alumnado, o logro dunha visión integral dos problemas, o desenvolvemento dunha cidadanía dixital crítica e a consecución dunha efectiva igualdade de xénero.

Tamén trata de favorecer aprendizaxes que lle permitan ao alumnado facer un uso competente das tecnoloxías, tanto na xestión de dispositivos e contornas de aprendizaxe coma no fomento do benestar dixital, o que posibilita que o alumnado tome conciencia e constrúa unha identidade dixital adecuada. Esta materia ten un carácter interdisciplinario, polo que contribúe á consecución das competencias clave do perfil de saída do alumnado ao termo da educación básica e á adquisición dos obxectivos de etapa.

A materia afonda nos coñecementos, destrezas e actitudes en competencia dixital cunha metodoloxía práctica e abórdase cun enfoque transversal e continuado ao longo do curso dos contidos necesarios para poder exercer unha cidadanía dixital activa e comprometida de modo seguro, completando o proceso de formación dixital do alumnado.

Os criterios de avaliación están enfocados a que o alumnado reflexione sobre a propia práctica tomando conciencia dos seus hábitos e a que xere rutinas dixitais saudables, sostibles e seguras, á vez que críticas, con prácticas inadecuadas. A aplicación deste enfoque competencial conduce ao desenvolvemento de coñecementos, destrezas e actitudes no alumnado que fomentan distintas formas de organización do traballo en equipo e o debate interdisciplinario ante a diversidade de situacións de aprendizaxe que interveñen na materia.

O desenvolvemento da materia permite conectar coa realidade do alumnado partindo das súas dúbidas e problemas en relación cos usos tecnolóxicos particulares, á vez que sociais, académicos e laborais. Tamén debe supoñer un avance informado e práctico na mellora da propia seguridade na Rede, nas interaccións coas outras persoas e coas distintas aplicacións usadas polo alumnado, axudándolles a entender que Internet é un espazo no que é necesario aplicar criterios para contextualizar e contrastar a información, as súas fontes e os seus propósitos, así como unha ferramenta imprescindible para o desenvolvemento da aprendizaxe ao longo da vida.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar e resolver problemas técnicos sinxelos e conectar e configurar dispositivos a Redes domésticas, aplicando os coñecementos de hardware e sistemas operativos para xestionar as ferramentas e instalacións informáticas e de comunicación de uso cotián.			1-2	4-5	1-5		3	
OBX2 - Configurar a contorna persoal de aprendizaxe interactuando e aproveitando os recursos do ámbito dixital para optimizar e xestionar a aprendizaxe permanente.				1-2-3-5	1-4-5		3	
OBX3 - Desenvolver hábitos que fomenten o benestar dixital aplicando medidas preventivas e correctivas para protexer dispositivos, datos persoais e a propia saúde.	3		5	1-4	2-5	2-3		
OBX4 - Exercer unha cidadanía dixital crítica coñecendo as posibles accións que se realizan na Rede, identificando as súas repercusións para facer un uso activo, responsable e ético da tecnoloxía.				3-4	1	1-2-3-4	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ciberseguranza e cidadanía dixital	Seguridade e protección na rede. A etiqueta dixital. Interacción na rede.	20	20	X		
2	Dispositivos dixitais, sistemas operativos e de comunicación	Arquitectura de computadores e dispositivos móbiles, software e redes.	20	20	X		
3	Aplicacións de produtividade.	Creación e manexo de documentos mediante procesadores de texto, follas de cálculo, xestores de bases de datos e presentacións dixitais.	30	30		X	
4	Edición e montaxe audiovisual	Creación e edición de contido de audio e/ou vídeo	15	15			X
5	Pensamento computacional: programación	Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para ordenadores, dispositivos móbiles e/ou webs. Introducción á intelixencia artificial.	15	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Ciberseguranza e cidadanía dixital	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na Rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións, desenvolvendo prácticas saudables e seguras e valorando o benestar físico e mental, tanto persoal coma colectivo.	Identificar situacións que representan unha ameaza na rede e asociar con posibles solucións.	PE	35
CA5.2 - Recoñecer as achegas das tecnoloxías dixitais nas xestións administrativas e no comercio electrónico, sendo consciente da brecha social de acceso, uso e aproveitamento das devanditas tecnoloxías para diversos colectivos.	Coñecer e identificar as posibilidades de uso das tecnoloxías para a cidadanía.		
CA4.1 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet configurando as condicións de privacidade das redes sociais e dos espazos virtuais de traballo.	Aplicar medidas de protección da privacidade en red	TI	65
CA4.2 - Configurar e actualizar contrasinais, sistemas operativos e antivirus de forma periódica nos distintos dispositivos dixitais de uso habitual.	Xestionar ferramentas de xestión de contrasinais		
CA5.1 - Facer un uso ético dos datos e das ferramentas dixitais aplicando as normas de etiqueta dixital e respectando a privacidade e as licenzas de uso e propiedade intelectual na comunicación, colaboración e participación activa na Rede.	Respectar as normas da etiqueta dixital.		
CA5.3 - Valorar a importancia da oportunidade, facilidade e liberdade de expresión que supoñen os medios dixitais conectados, analizando de forma crítica as mensaxes que se reciben e transmiten tendo en consideración a súa obxectividade, ideoloxía, intencionalidade	Analizar de forma crítica información obtida nas redes		
CA5.4 - Analizar a necesidade e os beneficios globais dun uso e desenvolvemento ecosociable responsable das tecnoloxías dixitais, tendo en conta criterios de accesibilidade, sostibilidade e impacto.	Valorar a importancia do desenvolvemento sostible da tecnoloxía		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Seguridade de dispositivos: accións de configuración específicas. Contrasinais e aplicacións relacionadas, medidas preventivas e correctivas para facer fronte a riscos, ameazas e ataques a dispositivos. - Seguridade e protección de datos: identidade, reputación dixital, privacidade e pegada dixital. Medidas preventivas na configuración nas redes sociais e na xestión de identidades virtuais. - Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que se han adoptar fronte aos riscos e ameazas ao

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - benestar persoal. Opcións de resposta e prácticas de uso saudable. Situacións de violencia e de risco na Rede (ciberacoso, sextorsión, acceso a c - Interacción na Rede: liberdade de expresión, etiqueta dixital, propiedade intelectual e licenzas de uso. Formas de licenciar unha obra ou un contido. - Educación mediática: xornalismo dixital, blogosfera, estratexias comunicativas e uso crítico da Rede. Ferramentas para detectar noticias falsas e fraudes. - Xestións administrativas: servizos públicos en liña, rexistros dixitais e certificados oficiais. - Comercio electrónico: facturas dixitais, formas de pago e criptomoedas. - Ética no uso de datos e ferramentas dixitais: intelixencia artificial, nesgos algorítmicos e ideolóxicos, soberanía tecnolóxica e dixitalización sostible. - Activismo en liña: plataformas de iniciativa cidadá, cibervoluntariado e comunidades de hardware e software libres.

UD	Título da UD	Duración
2	Dispositivos dixitais, sistemas operativos e de comunicación	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e resolver problemas técnicos sinxelos analizando compoñentes e funcións dos dispositivos dixitais, avaliando as solucións de maneira crítica e, en caso necesario, reformulando o procedemento.	Identificar compoñentes e funcións dos dispositivos dixitais a as súas conexións.	PE	35
CA1.1 - Conectar dispositivos e xestionar redes locais aplicando os coñecementos e procesos asociados a sistemas de comunicación con e sen fíos con autonomía e dun xeito activo.	Conectar e configurar de forma básica os dispositivos dunha rede local.	TI	65
CA1.2 - Instalar e manter sistemas operativos configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.	Configurar as características básicas dun sistema operativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Arquitectura de ordenadores: elementos, montaxe, configuración e resolución de problemas sinxelos. - Sistemas operativos: instalación e configuración de usuario. Instalación de software de uso habitual para a creación de contidos e a xestión de arquivos. - Sistemas operativos: operacións básicas de organización e almacenamento da información. - Sistemas de comunicación e Internet: dispositivos de Rede e funcionamento. Procedemento de configuración dunha Rede doméstica e conexión de dispositivos. - Dispositivos conectados (IoT+ Wearables): configuración e conexión de dispositivos.

UD	Título da UD	Duración
3	Aplicacións de produtividade.	30

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Xestionar a aprendizaxe no ámbito dixital configurando a contorna persoal de aprendizaxe mediante a integración de recursos dixitais de maneira autónoma.	Configurar a contorna persoal de aprendizaxe mediante a integración de recursos dixitais de maneira autónoma.	TI	100
CA2.2 - Buscar, seleccionar e archivar información en función das súas necesidades facendo uso das ferramentas da contorna persoal de aprendizaxe con sentido crítico e seguindo normas básicas de seguridade na Rede.	Buscar e seleccionar información en función das súas necesidades facendo uso das ferramentas da contorna persoal de aprendizaxe con sentido crítico.		
CA2.3 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa e respectando dereitos de autor e licenzas de uso.	Crear contidos dixitais, seleccionando as ferramentas máis apropiadas de maneira creativa e respectando dereitos de autor e licenzas de uso.		
CA2.4 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.	Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección e arquivo de información. - Creación, maquetaxe e publicación de textos. - Tratamento da información: creación de informes e gráficos derivados do tratamento de datos con follas de cálculo e bases de datos. - Comunicación de información e contidos dixitais. Presentacións dixitais e infografía en diferentes plataformas dixitais. - Colaboración en Rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede. - Utilización da realidade virtual, aumentada e mixta. - Publicación e difusión responsable en redes.

UD	Título da UD	Duración
4	Edición e montaxe audiovisual	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Xestionar a aprendizaxe no ámbito dixital configurando a contorna persoal de aprendizaxe mediante a integración de recursos dixitais de maneira autónoma.	Configurar a contorna persoal de aprendizaxe mediante a integración de recursos dixitais de maneira autónoma.	TI	100
CA2.2 - Buscar, seleccionar e archivar información en función das súas necesidades facendo uso das ferramentas da contorna persoal de aprendizaxe con sentido crítico e seguindo normas básicas de seguridade na Rede.	Buscar e seleccionar información en función das súas necesidades facendo uso das ferramentas da contorna persoal de aprendizaxe con sentido crítico.		
CA2.3 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa e respectando dereitos de autor e licenzas de uso.	Crear contidos dixitais, seleccionando as ferramentas máis apropiadas de maneira creativa e respectando dereitos de autor e licenzas de uso.		
CA2.4 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.	Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de son e de vídeo e conversión a outros formatos. - Utilización da realidade virtual, aumentada e mixta. - Publicación e difusión responsable en redes.

UD	Título da UD	Duración
5	Pensamento computacional: programación	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos de intelixencia artificial, valorando a importancia de facer un uso ético do tratamento da información na elaboración de aplicacións.	Comprender o fundamento básico dos algoritmos, en especial os de intelixencia artificial.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver e programar aplicacións sinxelas para ordenadores, dispositivos móbiles ou web, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Programar aplicacións sinxelas para ordenadores, dispositivos móbiles ou web, dando solución a problemas definidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización de estruturas de programación: secuenciais, de selección e iterativas.

Contidos

- Utilización de funcións. Parámetros, código e retorno.
- Uso de datos. Constantes, variables e estruturas de datos.
- Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para ordenadores, dispositivos móbiles e/ou webs.
- Introducción á intelixencia artificial. Creación de aplicacións prácticas da IA.
- Ética no desenvolvemento de aplicacións: nesgo alorítmico, obsolescencia programada.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Aínda que hai que destacar a importancia dos contidos teóricos (como base onde apoiar a parte práctica), esta é unha materia eminentemente práctica, polo que a metodoloxía empregada tenderá a ir orientada nesa dirección.

En cada unidade didáctica, procederase cunha fase inicial na que o profesor exporá os contidos a tratar e os procedementos a seguir, para ser logo o alumno quen comezará o seu traballo realizando as actividades/prácticas propias de cada unidade (traballos de elaboración de documentos, follas de cálculo, bases de datos, presentacións, tratamento dixital de imaxes, programación, seguridade...). Á vista dos contidos a traballar desta materia e dos procedementos a levar a cabo, a contribución da materia ao plan TIC do centro é fundamental.

Tratarase de presentar a parte práctica das actividades en contextos de aprendizaxe reais, que orienten ao alumno acerca de para que serve o que están a facer, sen reducirse á realización de rutinas prefixadas que sexa necesario dominar en función, exclusivamente, dunha posterior avaliación. É conveniente, sen embargo, que tales rutinas se practiquen en momentos previstos para iso, co fin de consolida-las destrezas adquiridas.

O traballo colaborativo a través de emprego de ferramentas dixitais, tamén terá o seu momento durante o curso favorecendo o aprendizaxe significativo e fomentando a participación activa, grupal e o reparto equitativo de tarefas.

Na elaboración do seu traballo os alumnos habitualmente deberán buscar e contrastar a información, apoiándose na súa lectura e comprensión da mesma. Ademais, cando as características da unidade didáctica o permitan, tratarase de propoñer a lectura de diferentes novas, artigos, capítulos de libros, etc., relacionados cos contidos a traballar, co obxectivo de practicaren a lectura de forma continuada, contribuíndo así, ao plan lector do centro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Computador persoal - dispositivos dixitais.
Aula de informática do centro.
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática....) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
Contas de correo do centro
Aula Virtual
Apuntamentos ou fichas de cada unidade didáctica cos contidos teóricos

Empregarase os equipos informáticos (un para cada alumno e profesor) coa conexión a Internet correspondente, un proxector e unha pantalla pertencente a unha das aulas de informática das que dispón o centro. Ademais, cada alumno/a ten un portátil Edixgal que pode ser utilizado en caso de o precisar.

Non se empregará libro de texto, xa que non se dispón de ningunha editorial en Edixgal, sendo o profesor/a

responsable de impartir a materia quen proporcione ao alumnado unha serie de apuntamentos e/ou fichas ao longo do curso, para cada unidade didáctica.

Papel importante xogará a plataforma Edixgal, xa que ademais de medio de comunicación entre o profesor/a e o alumnado permitirá ser repositorio dos apuntamentos e fichas a entregar, do enunciado das tarefas/prácticas e da entrega das mesmas polo alumno/a e da realización de diferentes probas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días de clase levarase a cabo un test, cuestionario e/ou tarefa práctica para coñecer o nivel do alumnado e que permita detectar alumnado de características diferentes (xa sexan alumnos con dificultades e necesidades especiais ou con menos habilidades dixitais).

A partir da información obtida desta avaliación inicial, e xunto coa información recibida de cursos anteriores, se é o caso empregaranse as medidas de atención á diversidade que sexan necesarias en coordinación co equipo de orientación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	30	15	15	100
Proba escrita	35	35	0	0	0	14
Táboa de indicadores	65	65	100	100	100	86

Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación

Para superar o curso, o alumnado deberá superar todas as unidades didácticas cunha nota igual ou superior a 5 puntos.

A cualificación final do curso será a media ponderada de todas as unidades didácticas. A ponderación establecerase en base aos pesos otorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A nota de cada avaliación virá dada pola media ponderada das notas obtidas nas diversas actividades, prácticas e probas escritas ou en liña de cada unidade didáctica impartida na avaliación. Será necesaria a realización e entrega de todas as actividades propostas, agás as consideradas como optativas ou de ampliación, e obter unha unha nota mínima de 5 puntos na media ponderada de cada unidade didáctica impartida na avaliación para superar a avaliación. En caso de non entregar todas as tarefas e prácticas e/ou non obter un mínimo de 5 puntos nalgunha unidade didáctica, a nota máxima na avaliación será de 4.

NOTA IMPORTANTE: O uso fraudulento durante as probas escritas ou traballos de aula de diferentes técnicas dixitais ou analóxicas, suporá a perda do dereito á corrección de dita proba ou traballo, cualificándose como un 0, ademais das medidas sancionadoras recollidas nas NOF do centro

Procedementos de Avaliación

En canto á ponderación na cualificación dos diferentes tipos de actividades (boletíns, proxectos, prácticas, etc.), o maior peso na cualificación terano as actividades que se realicen na aula (tarefas breves, proxectos, traballos, boletíns de actividades) que suporán entre o 65 e o 100% do total da nota da unidade. As probas escritas/online que se desenvolverán ao longo do curso terán un peso máximo do 35% nas unidades que corresponda.

Instrumentos de avaliación

Táboa de indicadores para as tarefas de aula.

Proba escrita.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos, tarefas ou probas de recuperación que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos, e así poder atinxir a nota mínima (5) para superar aquelas UD que non estivese superadas.

Para o alumnado que antes da avaliación final teña algunha unidade didáctica suspensa proporanse actividades e/ou probas de recuperación daquelas unidades didácticas que non superase no seu momento antes da finalización do período lectivo.

A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

NOTA IMPORTANTE: O uso fraudulento durante as probas escritas ou traballos de aula de diferentes técnicas dixitais ou analóxicas, suporá a perda do dereito á corrección de dita proba ou traballo, cualificándose como un 0, ademais das medidas sancionadoras recollidas nas NOF do centro.

O alumnado que antes da avaliación final teña a materia aprobada, poderá facer as actividades de ampliación que selle propoñan, podendo incrementar na avaliación final ordinaria a súa nota nunha porcentaxe dun 10%.

6. Medidas de atención á diversidade

A variedade de alumnos/as, de centros e de ambientes culturais requiriría a elaboración duns materiais específicos para cada caso. Por este motivo tratarase de producir diferentes posibilidades de traballo capaces de atender aos colectivos de diversa índole. Será o profesor, no contexto concreto da súa clase, o que seleccionará que contidos deben ser traballados e cales non.

Desde a materia de Dixitalización, pódese atender á diversidade do alumnado a través das seguintes estratexias:

- Asíumense as diferenzas no interior do grupo e propóñense exercicios de diversa dificultade de execución cando se estime oportuno.

- Repartiranse as tarefas entre os distintos membros do grupo (cando sexa necesario traballar conxuntamente), elixindo ou asignando responsabilidades, acordos ás posibilidades de cada alumno/a.

- Realizaranse agrupamentos flexibles e ritmos diferentes de traballo, sen discriminación de raza nin sexo.

- Distínguense os exercicios que se consideran realizables pola maioría de alumnos.

- Utilizarase (se fose necesario) o material didáctico complementario necesario.

- Graduarase a dificultade do proxecto técnico ou actividade a resolver deixando a posibilidade de elección do alumnado entre distintas propostas de solucións a un mesmo problema exposto. Guiarase en maior ou menor medida o proceso de solución. É obvio, que esta forma de proceder só é aconsellable nos casos necesarios para así manter a posibilidade para que exerciten a súa capacidade creativa e, tamén, de procura e tratamento da información. Por outra banda, para aqueles alumnos/ as con baixo rendemento académico na área, formularanse unha serie de actividades clasificadas atendendo a criterios didácticos, que contemplan especialmente o grao de dificultade e o tipo de aplicación que cabe facer das mesmas, mediante as cales se espera que acaden o nivel adecuado.

Entre outras, contémplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación.

- Desdoblamento de grupos.

- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento

- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)

- Adaptacións curriculares

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X		X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.3 - Comunicación audiovisual	X		X	X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X				
ET.8 - Igualdade de xénero					X
ET.9 - Creatividade	X		X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde	X				
ET.11 - Formación estética			X	X	
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X				X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X				

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas plantexados.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica, tamén traballarase técnicas de comunicación de ideas.

Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos fomentará o traballo en equipo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de proxectos.

Educación para a saúde: Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: deseño e presentación dos traballos e proxectos.

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.

Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas sobre uso responsábel das redes	Participarase naquelas actividades relacionadas con seguridade e uso responsábel das redes sociais promovidas polo centro.		X	

Observacións:

A nivel de centro, facilitarase a participación nas actividades especialmente deseñadas polo departamento de Orientación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.
Metodoloxía empregada
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
Medidas de atención á diversidade
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
Clima de traballo na aula
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.
Outros
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual do centro ou na do plan Edixgal.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación será revisada ao longo de todo o curso nas diferentes reunións do departamento (polo menos unha reunión mensual) sendo posible facer propostas de mellora, en función do proceso de aprendizaxe, co fin de, se for o caso, realizar as modificacións que se consideren necesarias. Así mesmo, ao final de cada trimestre, analizaranse os resultados obtidos polo alumnado na materia o cal permitirá tamén a toma de decisións no referente ao cumprimento da mesma e a súa avaliación.

A revisión, avaliación e modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso do departamento para poderen ser tomadas en conta de cara a cursos posteriores

9. Outros apartados